



# **Informe de necesidade e idoneidade do contrato e insuficiencia de medios**

## **Servizo de análise e xestión de alertas de ciberseguridade no marco do proxecto UniSOC**

CPV 72600000-6

Servizos de apoio informático e de consultaría

Xullo, 2024

## ÍNDICE

<b>1</b>	<b>Órgano de contratación</b>	<b>1</b>
<b>2</b>	<b>Expediente e características</b>	<b>1</b>
<b>3</b>	<b>Consideracións legais</b>	<b>1</b>
<b>4</b>	<b>Características da Licitación</b>	<b>1</b>
4.1	Obxecto do Contrato	1
4.2	División por lotes	1
4.2.1	Xustificación .....	1
4.2.2	Idoneidade do obxecto da licitación para satisfacer a necesidade .....	2
4.3	Reserva de lotes a centros especiais de traballo e empresas de inserción laboral	3
4.4	Insuficiencia de medios	3
4.5	Réxime económico	3
4.5.1	Orzamento base de licitación.....	3
4.5.2	Valor estimado del contrato .....	6
4.5.3	Expediente de tramitación anticipada .....	6
4.5.4	Distribucións anuais .....	7
4.6	Duración do Contrato	7
4.7	Esixencia de garantía provisional	7
4.8	Procedementos de adxudicación	7
4.9	Clasificación e solvencia económica e financeira, técnica ou profesional	7
4.9.1	Solvencia económica e financeira .....	7
4.9.2	Solvencia técnica ou profesional .....	8
4.10	Criterios de adxudicación	9
4.10.1	Criterios non avaliados de forma automática (baseados nun xuízo de valor).....	9
4.10.2	Valoración criterios mediante fórmula.....	9
4.10.3	Criterios de desempate .....	10
4.10.4	Xustificación da idoneidade dos criterios.....	10
4.10.5	Terán a consideración de condicións especiais de execución deste contrato, nos termos do artigo 202 LCSP, as seguintes: .....	12
4.10.6	Estas condicións especiais de execución terán o carácter de obrigas contractuais esenciais para os efectos sinalados no artigo 211.1.f) LCSP. ....	14
4.10.7	Estas condicións especiais de execución que forman parte do contrato serán esixidas igualmente a tódolos subcontratistas que participen na súa execución. ....	14
4.11	Modificacións previstas	14
4.12	Compromiso de adscrición de medios	14
4.13	Réxime de penalidades	14
4.14	Condicións contractuais de carácter esencial	14

## 1 Órgano de contratación

O presidente do Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións para a xestión universitaria (Consortio CIXUG) de conformidade co disposto no artigo 22 dos seus estatutos.

## 2 Expediente e características

<b>Expediente</b>	<b>CX-24-03</b>
<b>Cualificación do contrato</b>	Servizos
<b>Procedemento de adxudicación</b>	Aberto
<b>Contrato suxeito a regulación harmonizada</b>	<b>Si</b>
<b>Financiado con Fondos Europeos</b>	Non

## 3 Consideracións legais

1. Resulta de aplicación a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español, as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, así como as disposicións que a desenvolven. Son de aplicación con carácter supletorio as demais normas de dereito administrativo e, se é o caso, as normas de dereito privado.
2. Este informe emítese co obxecto de xustificar a necesidade e idoneidade da contratación á que se fixo referencia con anterioridade, así como a insuficiencia de medios, todo iso ao abeiro do disposto nos artigos 28 e 116 da LCSP.

## 4 Características da Licitación

### 4.1 Obxecto do Contrato

O obxecto do contrato consiste na adxudicación, para as tres universidades públicas do sistema galego, (Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo) en diante SUG (Sistema Universitario Galego) a través do Consorcio CIXUG dun servizo de asistencia técnica para a análise e xestión de alertas que produza a plataforma SIEM do proxecto UniSOC.

### 4.2 División por lotes

Non.

#### 4.2.1 Xustificación

As universidades galegas contan cunha gran cantidade de sistemas informáticos e de comunicacións para a prestación dos servizos telemáticos que proveñen. Cada un destes sistemas xeran numerosos rexistros de auditoría, tamén denominados eventos ou logs, que indican os feitos relevantes de cada un dos procesos que executan.

Habitualmente estes rexistros almacénanse no propio sistema que os orixina que, na maior parte de casos, non sole ofrecer pechamentos para a explotación masiva desta información.

Existe, por tanto, unha clara necesidade de centralizar o almacenamento destes rexistros para facilitar a súa protección, explotación e análise xa sexa en tempo real ou a posteriori, dunha forma sinxela e eficiente.

Por outra parte, a análise continuo e automatizada dos eventos que os sistemas xeran, unido a outra información que se poida incorporar de fontes externas, é imprescindible para detectar, no menor tempo posible, anomalías que puidesen derivar nun incidente de seguridade.

No ano 2023 as tres universidades públicas galegas, Universidade da Coruña (UDC), Universidade de Santiago de Compostela (USC) e Universidade de Vigo (UVigo), asinaron un convenio de colaboración para "a execución do proxecto UniSoC (deseño e implantación dun servizo de xeración de indicadores de compromiso para prevención de ciberataques), financiado polo REAL DECRETO 641/2021, do 27 de xullo, polo que se regula a concesión directa de subvencións a universidades públicas españolas para a modernización e dixitalización do sistema universitario español no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea "NEXTGENERATIONEU".

O proxecto UniSOC plasmouse na adopción dunha plataforma SIEM, composta por un tenant de Splunk Cloud Platform e unha instancia de Splunk heavy forwarder e outra de Cribl Stream despregadas en cada unha das tres universidades.

Con posterioridade contratouse unha asistencia técnica para a análise de alertas xeradas pola dita plataforma SIEM.

Durante a reunión do Consello de Goberno do Consorcio CIXUG, formado polas tres universidades do Sistema Universitario Galego (SUG), que tivo o día 5 de decembro do 2023, acordouse por unanimidade que, para poder dar continuidade ao proxecto, trasladaríanse as iniciativas de licitación, contratación e administración ao Consorcio desde a Universidade da Coruña, xestionando a contratación final antes do 1 de xaneiro do 2025 data cando se iniciaría o servizo, cos provedores adxudicatarios da licitación, a través do CIXUG.

#### 4.2.2 Idoneidade do obxecto da licitación para satisfacer a necesidade

Considérase que unha asistencia técnica para a análise de alertas de seguridade é o servizo que as tres universidades participantes neste proxecto necesitan para desenvolver as súas capacidades de detección e prevención de incidentes.

A necesidade que se pretende cubrir é a de contar cun servizo que realice:

- Revisión, análise e priorización da información e as alertas que produza a plataforma SIEM.
- Investigación en profundidade das alertas mediante as ferramentas de busca que proporciona a plataforma ou a consulta a fontes externas para enriquecer a análise.
- Execución dos procedementos de escalaxe de incidencias, para as tres universidades, mediante a apertura de tickets nas súas respectivas aplicacións de xestión de incidencias ou mediante o envío de notificacións por correo electrónico.

Debido á complexidade das infraestruturas tecnolóxicas de sistemas que xestionan as tres universidades galegas resulta absolutamente necesario complementar os servizos propios das devanditas universidades cun contrato que permita dar satisfacción ás necesidades actuais que se deben atender demandadas pola comunidade universitaria que fan que os servizos e recursos cos que contan actualmente as tres universidades resulten claramente insuficientes.

#### 4.3 Reserva de lotes a centros especiais de traballo e empresas de inserción laboral

Non.

#### 4.4 Insuficiencia de medios

Nin o CIXUG nin as universidades do SUG, dispoñen dos medios necesarios nin do persoal coa especialización requirida para cubrir os servizos requiridos coas garantías necesarias.

Faltan, ademais, as ferramentas de traballo propias para desenvolver estes servizos. Para os efectos de idoneidade do obxecto e contido do contrato, as necesidades que se pretenden cubrir son as que se indican expresamente neste documento e no prego de prescricións técnicas.

#### 4.5 Réxime económico

##### 4.5.1 Orzamento base de licitación

O prezo desta licitación fíxase a tanto alzado analizando o prezo de mercado de servizo similares e comprende a totalidade dos gastos que teña que realizar o adxudicatario para a realización do traballo obxecto do contrato, incluídas as partes correspondentes a gastos xerais e beneficios. En consecuencia, o sistema de determinación do prezo é o de tanto alzado de conformidade co disposto no artigo 309 da LCSP.

Para o cálculo da estrutura de custos dos contratos de servizos de informática estivo en primeiro lugar á porcentaxe que corresponde a cada tipo de custo do orzamento base de licitación.

Utilizouse como fonte de información a Central de Balances do Banco de España correspondente ao ano 2022 para o sector de actividade J62 Programación consultaría e outras actividades relacionadas coa informática.

Dos datos anteriores estréense as seguintes conclusións para o sector de actividade en que nos atopamos:

<b>CIFRA DE VENTAS</b>	<b>PORCENTAXE</b>
<b>A) Valor de ventas = B+C+D</b>	<b>100,00%</b>
<b>RO1: Valor engadido/cifra neta de negocios equivalente á marxe</b>	<b>53,00%</b>
<b>RO2: Gastos de persoas/cifra neta de negocio (establecemos os gastos directos de persoal nun 80%)</b>	<b>39,41%</b>
<b>R14: Inmobilizado material/total activo</b>	<b>2,80%</b>
<b>(B) Total custo de ventas = B1+B2</b>	<b>77,21%</b>
<b>B1 = ((A)-RO1) x (1-R14) (Materiais + Gastos)</b>	<b>45,68%</b>
<b>B2 = Coste laboral directo = 80% x R2</b>	<b>31,53%</b>
<b>(C) Gastos xerais de estrutura = A - B.</b>	<b>15,63%</b>
<b>(D) RO3 Resultado de explotación</b>	<b>7,16%</b>

Co obxecto de determinar o orzamento base de licitación de forma adecuada e dado o custo laboral directa é o custo principal do tipo de contratos que nos ocupan, vamos a proceder a realizar unha análise dos ditos custos laborais tomando como referencia o Convenio Colectivo de Empresas de Consultaría, Tecnoloxías da Información e Estudos de Mercado e da opinión pública de carácter estatal publicado no BOE do 26 de xullo de 2024. Este convenio axústase co obxecto do contrato dado que nel se recollen as actividades de consultaría informática, xestión de recursos informáticos, así como calquera outro servizo relacionados cos anteriores.

Atendendo ao convenio indicado, os perfís habituais nun contrato de servizos como o que nos ocupa serían os seguintes atendendo ao grupo e niveis dentro da Área 3 de desenvolvemento de software, programación e explotación de sistemas:

- Coordinador do servizo/Responsable do Proxecto: Grupo B, Nivel I.

- Administrador sénior: Grupo C, Nivel II.

O convenio establece unha xornada anual de 1.800 horas.

De conformidade co disposto no convenio, atendendo dous distintos conceptos retributivos e partindo dunha antigüidade media de 4 trienios para o responsable e de 2 para o resto do equipo, xorden os seguintes cálculos:

Nº de persoas	Perfil	Perfil equivalente Convenio	Salario base 2024	Plus convenio 2024	Trienios s/ salario 2024	Salario total bruto anual laboral
1	Coordinador / Responsable Proxecto ( <i>Xefe de proxecto</i> )	Área 3 - Grupo B - nivel I	25.746,78 €	2.238,86 €	5.149,36 €	33.135,00 €
1	Administrador sénior ( <i>Analista de ciberseguridade</i> )	Área 3 - Grupo C - nivel II	22.835,53 €	1.974,61 €	2.283,55 €	27.093,69 €
<b>Total cálculo gastos de persoal</b>						<b>60.228,69 €</b>

Aos importes anteriores hai que engadirle en gasto en seguridade social que se calculan entre un 32% e 38% da base de cotización, máis a subida anual dun 2 por 100 de conformidade co previsto no convenio, resultan uns importes para os dous anos do contrato:

- Coordinador/Responsable: 92.367,13 €, o que supón un custo de 25,66 €/hora.
- Administrador sénior: 75.526,37 €, o que supón un custo de 20,98 €/hora.

Agora ben, os valores anteriores son os mínimos dos que se debe partir, debendo os mesmos adaptarse á realidade existente no mercado atendendo ós importes ofertados noutras licitacións.

No contorno da administración de sistemas complexos e críticos como os que conforman o obxecto do contrato, a alta especialización e demanda no mercado de persoal formado e experimentado, o que determina que exista unha alta rotación á vez que a existencia de pouco persoal coa devandita formación e experiencia, fan necesario axustar os importes anteriores a un prezo que permita a contratación do servizo atendendo ás circunstancias existentes en este mercado.

Valorada esta situación, e facendo uso da experiencia en licitación deste consorcio, e do seu coñecemento do sector atendendo ás ofertas recibidas para expedientes similares doutras administracións públicas nos últimos exercicios, proponse empregar o sistema de prezos unitarios para o cálculo do orzamento do contrato.

Sendo así, os custos serán superiores aos recollidos no convenio de referencia, e consecuentemente máis axustados á realidade do sector informático galego, e que en calquera caso cumpren a estrutura de custos de contrato anteriormente descrita.

O prezo fíxase entón por prezos unitarios consultando os prezos/hora de mercado para perfís similares e comprende a totalidade dos gastos que teña que facer a empresa adjudicataria para a realización do traballo obxecto da contratación, ata a súa recepción polo CIXUG, mesmo a parte correspondente ós seus gastos xerais e beneficios.

A determinación estimativa do importe calculado foi, considerando un prazo de execución de 24 meses, a seguinte:

Nº de persoas	Perfil	Prezo hora Mercado	Coste segundo Estimación Mercado
1	Coordinador / Responsable proxecto	64,70 €	4.664,88 €
1	Administrador sénior	51,54 €	185.535,12 €
			<b>190.200,00 €</b>

#### 4.5.2 Valor estimado del contrato

VALOR ESTIMADO DEL CONTRATO	Detalles
Importe de licitación (IVE excluído)	<b>190.200,00 €</b>
Incremento de unidades de execución	<b>Non aplica</b>
Importe das modificacións previstas (IVE excluído).	Non aplica
Importe dos premios ou primas pagadoiros aos licitadores (IVE excluído)	Non aplica
Importe das opcións eventuais (IVE excluído)	Non aplica
Prorroga (IVE excluído)	<b>95.100,00 €</b>
<b>Total, Valor Estimado</b>	<b>285.300,00 €</b>

#### 4.5.3 Expediente de tramitación anticipada

Condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do



Consorcio CIXUG para os anos 2025, 2026 e 2027.

#### 4.5.4 Distribucións anuais

Distribución de Anualidades	Total, sen IVE
Anualidade 2025	95.100,00 €
Anualidade 2026	95.100,00 €
Anualidade 2027	95.100,00 €
<b>Total, Valor Estimado</b>	<b>285.300,00 €</b>

#### 4.6 Duración do Contrato

Dous anos máis unha posible prórroga, contado desde a data de formalización do contrato.

#### 4.7 Esixencia de garantía provisional

Non se exige.

#### 4.8 Procedementos de adxudicación

Tramitación ordinaria.

A adxudicación deste procedemento realizarase mediante procedemento aberto de conformidade co previsto nos artigos 131, 156 e 158 da LCSP. Todo iso co obxecto de garantir a publicidade, concorrencia, igualdade e transparencia.

#### 4.9 Clasificación e solvencia económica e financeira, técnica ou profesional

##### 4.9.1 Solvencia económica e financeira

##### 4.9.1.1 Solvencia exixida

Considerarase solvente o licitador que alcance, en calquera dos tres últimos exercicios dispoñibles, un volume de negocio anual equivalente a multiplicar por 1,5 o valor estimado do contrato dividido entre o número de anos totais previstos de duración do contrato, incluídas as prórrogas.

##### 4.9.1.2 Xustificación do criterio establecido

Garantir a adxudicación do contrato a unha empresa solvente, con recursos suficientes e capacidade económica e financeira para executa-lo contrato ata a súa

finalización.

#### 4.9.2 Solvencia técnica ou profesional

##### 4.9.2.1 Solvencia exixida

Reputarase solvente o candidato que realizase, nos tres últimos anos (contados retroactivamente de data a data desde a data de finalización do prazo de presentación de proposicións), un conxunto de tres servizos ou traballos similares ou análogos que sumen, polo menos, e nalgún tribunais servizos, un importe igual ou superior ao orzamento base de licitación multiplicado por 1,5 e dividido polo número de anos totais previstos de duración do contrato incluídas as posibles prórrogas

Presentarase unha relación, selada e asinada, dos principais servizos de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso de como máximo os tres últimos anos (contados desde que finalice o prazo de presentación de proposicións), na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado delas.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañado dos documentos que constan no seu poder que acrediten a realización da prestación; se é o caso, estes certificados serán comunicados directamente ó órgano de contratación pola autoridade competente.

**Relación dos servizos executado no curso dos tres últimos anos, acompañada de certificados de boa execución ou, se é o caso, declaración do empresario xunto cos documentos que constan en poder del que acrediten a realización da prestación**

Denominación e obxecto concreto	Importe sen IVE	IVE	Importe con IVE	Finalización da execución (dd/mm/aaaa)	Destinatario	Público/ privado
---------------------------------	-----------------	-----	-----------------	--	--------------	------------------

De conformidade co disposto no Real decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade (ENS), o adxudicatario deberá achegar o certificado de conformidade co ENS, categoría media, en cuxo alcance se inclúan os sistemas de información que utilizará no servizo obxecto do contrato. Admítese a conformidade co RD 311/2022 ou co RD 3/2010, aínda que neste último caso sempre e cando a certificación se encontre en vigor e fosen emitidas con anterioridade ao 5 de maio de 2024. Tamén se aceptará a certificación ISO/IEC 27001 ou equivalente do sistema de xestión de seguridade da información do adxudicatario.

En caso de que o licitador recorra á solvencia e medios doutras empresas de

conformidade co artigo 75 da LCSP, cada unha delas deberá presentar un DEUC.

#### 4.9.2.2 Xustificación do criterio establecido

Garantir que os licitadores contén coa experiencia suficiente en canto á capacidade técnica e volume de traballo nas prestacións obxecto do contrato e nos termos que establece consorcio CIXUG no prego de prescricións técnicas.

### 4.10 Criterios de adxudicación

#### 4.10.1 Criterios non avaliados de forma automática (baseados nun xuízo de valor)

##### Criterio B.1: Ata 15 puntos

- Valorarase a adecuación da metodoloxía proposta ao contorno do proxecto (7 puntos), a calidade da formación ofertada e a súa adecuación aos obxectivos do proxecto (3 puntos), a existencia dun equipo de apoio ao analista principal (3 puntos), a concreción na exposición e a ausencia de ambigüidades (2 puntos).

##### Criterio B.2: Ata 15 puntos

- Valorarase a proposta de SLA. Especificamente, valorarase que sexa unha proposta realista e coherente. Valorarase que os tempos obxectivo para analizar, investigar e notificar as alertas, severas e non severas, sexan o máis curtos posibles, así como o número de alertas que se poderán analizar diariamente.

#### 4.10.2 Valoración criterios mediante fórmula

##### C.1 Oferta Económica

Ata un máximo de 50 puntos:

$$P_v = \left[ 1 - \left( \frac{O_v - O_m}{IL} \right) \times \frac{1}{M} \right] \times P$$

.. Onde:

- $P_v$  = Puntuación oferta valorada
- $O_v$  = Oferta a valorar (en euros)
- $O_m$  = Mellor ostatura (en euros)
- $IL$  = Importe da licitación
- $M$  = Factor de Modulación = 1
- $P$  = Puntuación máxima = 50

O Factor de Modulación para esta licitación será de 1 (Un).

##### C.2: Certificacións analista principal

Ata un máximo de 20 puntos

Dadas as tarefas que se solicitan, considérase adecuado que o analista principal teña un coñecemento demostrable no produto Splunk. Por iso, por cada certificación que

acredite o analista principal asignado ó servizo daránselle os puntos que figuran na seguinte relación:

- Splunk Core Certified User: 3 puntos
- Splunk Core Certified Power User: 5 puntos
- Splunk Core Certified Advanced Power User: 6 puntos
- Splunk Cloud Certified Admin: 6 puntos
- Splunk Enterprise Certified Admin: 5 puntos
- Splunk Enterprise Certified Architect: 5 puntos
- Splunk Core Certified Consultant: 3 puntos
- Splunk Enterprise Security Certified Admin: 6 puntos
- Splunk IT Service Intelligence Certified Admin: 6 puntos
- Splunk SOAR Certified Automation Developer: 6 puntos
- Splunk Certified Cybersecurity Defense Analyst: 6 puntos

#### 4.10.3 Criterios de desempate

No suposto en que se produza un empate entre dúas ou máis ofertas, para os efectos de liquidar o dito empate, a proposta de adxudicación realizarase a favor da empresa licitadora que acredite as circunstancias seguintes e pola orde establecida a continuación:

- a) Número de persoas traballadoras con discapacidade superior ao 2 por 100 nos termos do artigo 142.1 a) da LCSP, así como conforme o previsto no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. No caso de que varias empresas se encontren nestas circunstancias, terá preferencia na adxudicación do contrato a licitadora que acredite maior porcentaxe de persoas traballadoras fixas discapacitadas no seu cadro de persoal.
- b) Acreditación da implantación dun plan de igualdade conforme o establecido na normativa reguladora destes.
- c) Acreditación da obtención da marca galega de excelencia en igualdade conforme o artigo 111 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- d) Menor porcentaxe de contratos temporais no persoal de cada unha das empresas.
- e) Maior porcentaxe de mulleres empregadas no persoal de cada unha das empresas.
- f) O sorteo, no caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dese lugar a desempate.

#### 4.10.4 Xustificación da idoneidade dos criterios

A xustificación dos criterios de adxudicación fixados é a seguinte:

#### 4.10.4.1 B1. Metodoloxía.

- É preciso recibir ofertas claramente estruturadas e cunha organización das actividades orientada a garantir o mellor cumprimento dos obxectivos establecidos nos pregos que rexen esta contratación. Debido á relevancia deste servizo para as universidades integrantes do SUG, é fundamental que os licitadores indiquen dunha forma detallada a súa metodoloxía de xestión xa que se trata dun servizo onde tódolos seus recursos deberán estar ben coordinados e cunha participación activa de relación con outros grupos de traballo, tanto de administradores de sistemas como con outros perfís doutros grupos de negocio. De aí que sexa imprescindible que neste punto se indique claramente como se van organizar os procesos, detallando a planificación deles sobre as tarefas de organización e coordinación, tanto interna como con outros grupos transversais. De igual maneira será necesario, de ser o caso, describir as propostas de mellora tendo en conta o comentado anteriormente, xa que o traballo achegado por este grupo non se pode considerar independente e illado do resto de actividades, procesos e metodoloxías das universidades. Así, a importancia deste punto é elevada xa que se procura determinar tanto as tarefas que se van realizar para o idóneo subministración obxecto de contratación e a súa debida integración nunha organización complexa. Considérase necesaria a valoración do equipo de apoio que se poida ofertar. Tamén ten que ser obxecto de valoración de cara a garantir unha adecuada prestación do Servizo que se oferte unha formación adecuada co obxecto do contrato de cara a garantir os obxectivos indicados nos pregos e, polo tanto, as finalidades previstas con esta contratación.

#### 4.10.4.2 B2. Proposta SLA

- De maneira coherente e correlacionada coa metodoloxía que se vai aplicar, o Acordo de nivel de servizo (SLA) tamén é un factor crítico para valorar a idoneidade, realidade e calidade das ofertas técnicas presentadas.
- Dentro do dito SLA valorarase a concreción e a definición coherente cos compromisos adquiridos en relación cos niveis de atención e de resposta ante alertas e incidencias que se poidan producir ó longo da prestación do servizo, así como á definición de pautas e procesos de resolución delas.
- A valoración deste criterio recolle a importancia manifesta que representa dentro do servizo a prestar, dado que permitirá graduar o compromiso cun volume de tarefas a atender, así como de capacidade de resolución delas.
- A proposta de SLA deberá ser o máis realista e obxectivable posible, detallando o maior volume de datos medibles (número de alertas a atender, tempos de resposta e de resolución ante elas, segundo tipoloxías e outros factores que inflúan sobre ela).
- É preciso recalcar que este SLA terase en conta ó longo da prestación do

servizo, toda vez que forma parte das posibles penalizacións que se puidesen derivar del, motivo que redunda na súa importancia e na necesidade de incluílo dentro dos criterios de adxudicación.

#### 4.10.4.3 C1. Prezo

- Outro elemento de valoración é o prezo ofertado polos licitadores. Preténdese obter o mellor prezo posible pero sempre que se respecte a calidade exixible e desexada para a prestación do Servizo.

#### 4.10.4.4 C2. Certificacións

- Este criterio fomenta a competencia técnica do servizo a prestar xa que a fórmula utilizada para a valoración deste criterio fomenta a presentación de ofertas con recursos cun elevado número de certificacións. A posesión de certificacións implica contar cunha capacitación especializada, niveis que aplican nesta contratación xa que as plataformas e tecnoloxías a administrar son críticas para toda a comunidade universitaria. Polo que é importante que dentro dos recursos achegados nesta contratación, a parte de contar con formación, capacidades e habilidades, se presenten garantías de calidade a través destas certificacións. Condicións especiais de execución de carácter social, ético, ambiental ou doutra orde.

#### 4.10.5 Terán a consideración de condicións especiais de execución deste contrato, nos termos do artigo 202 LCSP, as seguintes:

##### 4.10.5.1 Protocolo fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo

- g) O adxudicatario deberá contar e aplicar un protocolo de prevención e de actuación fronte ó acoso sexual e ó acoso por razón de sexo ou por orientación sexual no ámbito de desenvolvemento do contrato.
- h) Este protocolo deberá ser presentando ao tempo da formalización do contrato.

##### 4.10.5.2 Accións de prevención de riscos laborais e da saúde laboral desde a perspectiva de xénero.

- a) O adxudicatario obrígase a incluír nas accións de prevención de riscos laborais e de saúde laboral a perspectiva de xénero.
- b) Co obxecto de acreditar a condición anterior, no momento da finalización do contrato o contratista deberá presentar unha memoria xustificativa do seu cumprimento.

##### 4.10.5.3 Adscrición á execución do contrato dos medios indicados na oferta

O equipo técnico que deberá ser incorporado trala formalización do contrato para a execución dos traballos deberá estar formado polos compoñentes e perfís relacionados na oferta adxudicataria e consecuentemente valorados e de acordo co compromiso e a adscrición efectiva de medios persoais e materiais.

No caso de modificación ou substitución de recursos, deberá comunicalo previamente ó responsable do contrato coa antelación necesaria e, en calquera

caso, polo menos con 10 días naturais de antelación á realización do cambio de recurso, o responsable do contrato aprobará ou rexeitará a dita modificación ou substitución. En todo caso, o substituto ou substitutos terán un perfil igual ou superior ó ofertado ou ó recurso que se vai substituír.

Tramitarase o seguinte procedemento de substitución:

- a) Notificación por escrito ó responsable do contrato da substitución con detalle dos motivos que a orixinan.
- b) Anexo á notificación anterior en que se achegará un CV da persoa substituta con detalle da súa cualificación.
- c) Aceptación da persoa substituta por parte do responsable do contrato.

O órgano de contratación poderá solicitar o cambio dos recursos asignados á execución do contrato por inadecuación ou por incumprir os requisitos tanto de solvencia como técnicos esixidos, ou ter declarado o contratista unhas circunstancias que non son veraces podendo, nese caso, proceder a resolución do contrato.

#### 4.10.5.4 Condicións en relación coas condicións laborais mínimas

Constitúe condición esencial de execución o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, seguridade social e seguridade e saúde no traballo que sexan aplicables ás persoas traballadoras vinculadas á execución do contrato.

Será obriga da entidade contratista en relación co persoal que executará o contrato, o aboamento do salario e aplicar as condicións de traballo establecidas polo último convenio colectivo aplicable do ámbito máis inferior existente no sector en que se encadra a actividade do contratista, salvo que teña recoñecidas outras condicións mellores a título individual ou por outros convenios e/ou pactos de empresa que sexan de aplicación.

A empresa contratista comprométese a facilitar, durante a execución do contrato, canta información se lle requira polo órgano de contratación sobre as condicións de traballo que se apliquen efectivamente ás persoas traballadoras que realicen a actividade obxecto do contrato.

#### 4.10.5.5 Fomento de accións que faciliten a conciliación da vida laboral e familiar

O contratista deberá establecer medidas que favorezan a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das persoas traballadoras que leven a cabo a execución deste contrato.

#### 4.10.5.6 Condicións con relación á subcontratación

En caso de subcontratación, o contratista asume a total responsabilidade da execución do contrato fronte a CIXUG de acordo co previsto nos pregos e no contrato, incluído o cumprimento das obrigas en materia social e laboral.

O contratista deberalle comunicar ó órgano de contratación a subcontratación que pretenda levar a cabo de conformidade co disposto no artigo 215 da LCSP.

4.10.6 Estas condicións especiais de execución terán o carácter de obrigas contractuais esenciais para os efectos sinalados no artigo 211.1.f) LCSP.

4.10.7 Estas condicións especiais de execución que forman parte do contrato serán esixidas igualmente a tódolos subcontratistas que participen na súa execución.

#### 4.11 Modificacións previstas

Este contrato poderase modificar por razóns de interese público cando sexa necesario para lles dar cumprimento aos principios de sustentabilidade financeira e estabilidade orzamentaria. Estas modificacións poderán ter por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución. Todo iso de conformidade co disposto no artigo 204 da LCSP.

#### 4.12 Compromiso de adscrición de medios

Xefe de proxectos e analista de ciberseguridade.

#### 4.13 Réxime de penalidades

Nesta contratación establécense penalidades para os seguintes incumprimentos:

1. Prazos de execución.
2. Cumprimento defectuoso ou incumprimento parcial das prestacións.
3. Compromiso de adscrición de medios ao contrato.
4. Condicións especiais de execución.
5. Obrigas establecidas en materia de subcontratación.
6. Compromisos asumidos a través da oferta que se tomaron en consideración como criterio de valoración.
7. Obrigas en materia ambiental, social ou laboral recollidas nos pregos.

#### 4.14 Condicións contractuais de carácter esencial

As condicións contractuais esenciais serán todas aquelas cuxo incumprimento poida xustificar a resolución do contrato.

Santiago de Compostela, á data da asina electrónica,

**D. Antonio López Díaz**  
**Presidente**